

Máis de 500 nadadores participarán da proba Costa Serena – Concello de Nigrán

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 09 Xullo 2015 12:15



A V edición da travesía a nado Costa Serena-Concello de Nigrán bate este ano todas as marcas de participación con preto de 500 nadadores inscritos entre as catro probas que se disputarán. Consólidase así como unha das travesías de longa distancia por excelencia de Galicia e con maior afluencia de nadadores da comunidade. A proba organizada por unha empresa privada, conta coa colaboración do Concello de Nigrán e a Deputación de Pontevedra. A mesma terá lugar o próximo 12 de xullo no Lourido e contará coa presenza de nadadores procedentes de toda Galicia, Asturias e Portugal, con idades comprendidas entre os 5 e os 70 anos. "Queremos continuar esta boa relación e que a celebración da proba consólidese en Nigrán, porque é moi importante para poñer en valor o municipio", destacou o alcalde Juan González durante a presentación do evento.

Constará de dous percorridos, que serán cronometrados por Champion Chip Norte. O longo, no que participarán 312 nadadores, consistirá nun triángulo de 4 quilómetros con saída e chegada nas inmediacións do posto de Protección Civil de Panxón. Os nadadores deberán bordear a baliza de Cabezo de San Juan, situada a 1,5 quilómetros de distancia, regresar cara á costa polo lado sur da praia e percorrer o último quilómetro en paralelo ao areal. Entre os participantes nesta proba destacan os irmáns portugueses Hugo e Soraia Ribeiro, a élite da natación no país veciño. Tamén está confirmada a presenza do campión galego de augas abertas de Galicia, Diego Sotelo.

O percorrido curto, cunha distancia de 800 metros, disputarase en paralelo á costa, o que

Máis de 500 nadadores participarán da proba Costa Serena – Concello de Nigrán

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 09 Xullo 2015 12:15

abrirá a participación a numerosos bañistas, curiosos e afeccionados á práctica deste deporte. A saída estará situada na canle principal de entrada e saída das embarcacións e a chegada será no mesmo punto que a proba longa. Nesta proba participan 79 nadadores.

A competición de 4.000 metros comezará ás 11:30 horas, mentres que a de 800 metros arrincará ás 11:45 horas. No mar, colocaranse aboiar de sinalización do percorrido para facilitar a orientación dos nadadores, así como embarcacións de Protección Civil e kayaks seguindo a proba

Como novidade, nesta edición, celebraranse dúas probas de curta distancia para nenos entre 5 e 13 anos. Haberá un percorrido de 50 metros (5 e 8 anos) e de 150 metros (9 a 13 anos). Estas probas comezarán ás 13:00 horas (50 metros) e 13:30 horas (150 metros). En total, participarán preto de 40 nenos entre ambos percorridos.

A zona de concentración dos nadadores será no Praia Club Nigrán, á beira das instalacións deportivas Dunas Gaifar, a partir das 09:00 horas.

En total, entregaranse 14 premios: aos tres primeiros clasificados -tanto na categoría masculina como feminina- das dúas probas (4.000 metros e 800 metros), ademais dos trofeos especiais ao nadador máis novo e ao máis veterano. Ademais, todos os participantes recibirán unha camiseta conmemorativa. Ao finalizar, poderán gozar dun aperitivo, un xeado así coma un sorteo de agasallos.